



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN DE XURISTAS GALEGOS EN MADRID (IURISGAMA) PARA A DOTACIÓN DOS PREMIOS "MONTERO RÍOS" E "IURISGAMA"

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Vicepresidencia Segunda e Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 17/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, sexan senlleiras no mundo do Dereito, como é o recoñecemento a xuristas de prestixio da nosa terra, con independencia do lugar onde desenvolvan o seu relevante labor, e a todos aqueles traballos que versen sobre temas xurídicos relacionados co Dereito Civil de Galicia.

Antecedentes: No período 2003 - 2011, asináronse anualmente convenios de colaboración coa Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) que tiñan por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Xunta de Galicia e mais a asociación para concesión e financiamento dos premios "MONTERO RÍOS" e "IURISGAMA", dedicados a premiar o labor meritorio de ilustres xuristas galegos.

Finalidade: Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2023.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) para concesión e financiamento dos premios "MONTERO RÍOS" e "IURISGAMA", dedicados a premiar o labor meritorio de ilustres xuristas galegos que serán outorgados por un xurado que constituirá a Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA), do cal formará parte o Vicepresidente Segundo e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes ou a persoa en quen delegue. Cada un destes premios leva asociada unha gratificación económica de 3.500 € para os premiados.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Dirección Xeral de Xustiza
R/ Madrid 2-4, 2ª planta
15781 Santiago de Compostela





- A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) xorde como consecuencia da aglutinación dos numerosos xuristas que residen na capital de España, e ten, entre outros fins, ademais do de favorecer a interrelación destes profesionais, o estudo, promoción e desenvolvemento do Dereito Galego; o permanente seguimento da actividade parlamentaria galega, en especial na súa vertente legislativa, e mais a elaboración de informes e expedientes sobre temas relevantes de Dereito, nomeadamente do Dereito Civil de Galicia.
- A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) conferiu un punto de distinción á tradición xurídica galega instituindo dous premios dedicados ao labor meritorio de ilustres xuristas galegos, un que leva por nome "MONTERO RÍOS" e outro que leva por denominación o propio acrónimo da asociación, "IURISGAMA". A Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de conformidade co disposto no Decreto 114/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materia de asociacións e fundacións, sendo unha das súas liñas prioritarias o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, sexan senlleiras no mundo do Dereito, como é neste caso o recoñecemento a xuristas de prestixio da nosa terra, con independencia do lugar onde desenvolvan o seu relevante labor, e a todos aqueles traballos que versen sobre temas xurídicos relacionados co Dereito Civil de Galicia
- Conforme o establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, pola especificidade deste proxecto, propio e exclusivo da Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA).
- **Financiamento:** a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, achegará á Asociación de Xuristas Galegos en Madrid (IURISGAMA) a cantidade máxima de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.131A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023, como contribución aos gastos soportados pola Asociación pola concesión e financiamento dos premios "MONTERO RÍOS" e "IURISGAMA". Esta achega económica realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e, por outro lado, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; un detalle doutros ingresos e subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia; se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Tronchoni Albert
Director Xeral de Xustiza

